



CONDICIÓN PARTICULARES DE USO DO SERVIZO INTERNET MÓBIL

1. CONDICIÓN PARTICULARES E A SÚA ACEPTACIÓN

1.1. Obxecto.

As Condicións Particulares descritas a continuación (en diante, as “Condicións Particulares”) regulan as relacións entre TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U. (en diante, “Movistar”), con CIF núm. A-78923125, domiciliada en Ronda de la Comunicación s/n, Distrito Telefónica, edificio Sur 3, 28050 Madrid, inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid, ST-1, Tomo 8958, Xeral 7804, da Sección 3ª do Libro de Sociedades, Folio 92, Folla núm. 85226-1, Inscripción 1ª, e o Cliente do Servizo (en diante, o “Cliente”) en todo o relativo á prestación do Servizo de datos Internet e Conectividade Móbil (en diante, “o Servizo”).

1.2. Aceptación.

A aceptación, sen reservas, das presentes Condicións Particulares devén indispensable para a prestación do Servizo por parte de MOVISTAR. O Cliente manifesta, en tal sentido, que leu, entendeu e aceptou as presentes Condicións Particulares, postas á súa disposición, en todo momento, en www.movistar.es/contratos.

1.3. Vinculación coas condicións do servizo móbil Movistar.

As Condicións Xerais de prestación do servizo de comunicacións móbiles Movistar, que constan publicadas en www.movistar.es/contratos, completan ás presentes Condicións Particulares en todo o non previsto nestas.

2. DESCRICIÓN DO SERVIZO

A través deste Servizo, MOVISTAR pon a disposición do Cliente a posibilidade de conectarse a Internet a través da rede móbil Movistar coas seguintes características para a conexión móbil.

A velocidade máxima esperada do Servizo está suxeita á dispoñibilidade de cobertura da rede Movistar e ás prestacións soportadas polo dispositivo de acceso á rede móbil, segundo se indica a continuación:

- 1) A cobertura móbil dispoñible pode ser 2G, 3G, 4G e 5G, segundo sexa a tecnoloxía do acceso radio utilizada pola rede Movistar nos seus diferentes emprazamentos. Dependendo da intensidade de sinal recibido e da actividade doutros usuarios próximos, a velocidade real da conexión fluctuará por debaixo da máxima velocidade alcanzable.



- 2) A tecnoloxía soportada polo terminal de acceso á rede móbil determina o tipo de cobertura á que cada dispositivo pode conectarse. Os dispositivos utilizados poden ser compatibles coas tecnoloxías 2G, 3G, 4G e 5G. Ademais, poden limitar a máxima velocidade alcanzada polo Usuario en función das súas especificacións técnicas.

A tecnoloxía 2G constitúena os equipos de rede e dispositivos compatibles co estándar GSM/GPRS e a súa evolución EDGE. Á súa vez, a tecnoloxía 3G está baseada nas especificacións do sistema UMTS e as melloras incorporadas por HSPA, que abreviadamente se denomina H+. Sucédelle á cuarta xeración da telefonía móbil ou 4G, baseada na tecnoloxía LTE e a súa evolución, que permite a agregación de bandas de frecuencia para aumentar a velocidade das conexións de datos móbiles. A esta capacidade coñéceselle abreviadamente como 4G+. Por último, o seguinte fito na evolución tecnolóxica establécese o 5G que, como o seu antecesor, tamén soporta a agregación de bandas para incrementar a velocidade das conexións.

Todas elas son tecnoloxías especificadas polos organismos competentes de estandarización internacional e constitúen a base tecnolóxica do Servizo Internet Móbil de Movistar.

Movistar comprométese a seguir evolucionando o Servizo con novas funcións que incorpore a tecnoloxía para mellorar a calidade das conexións de datos. En condicións ideais de propagación a máxima velocidade proporcionada por cada tecnoloxía indícase na táboa adxunta:

	3G/H+	4G/4G+	5G
Velocidade máxima de baixada até (Mbps)	42	300	1000
Velocidade máxima de subida até (Mbps)	8,5	50	150

A velocidade da navegación indicada constitúe a velocidade anunciada, que coincide coa velocidade máxima do Servizo en condicións ideais de propagación, e depende de varios factores: do terminal de acceso, da zona de cobertura, da aplicación utilizada e da situación de carga da rede.

MOVISTAR aplica a seguinte política de xestión da velocidade da conexión a internet tanto para o envío como a recepción de datos móbiles:

- Máxima velocidade desde o comezo do período de facturación até alcanzar a franquía de datos contratada. En tarifas con datos ilimitados non hai límite de datos salvo o expresamente disposto en cada contrato.
- Máxima velocidade para os casos de ampliación de franquía mediante a contratación de produtos específicos.
- Consumida a franquía de datos contratada e, chegado o caso, a ampliación de franquía, máxima velocidade en modalidade de pagamento por uso até un límite adicional de datos.



- Unha vez consumidos, e nesta orde segundo os servizos contratados, os datos da franquía, os correspondentes á ampliación de franquía e os datos adicionais en modalidade de pagamento por uso, a velocidade da conexión de datos redúcese significativamente, permitindo finalizar as conexións en curso e proporcionando un uso básico do Servizo. Nestas condicións, o acceso a internet desde o móbil queda limitado ao uso de aplicacións que requiren pouco ancho de banda, como por exemplo as aplicacións de mensaxería de texto.

No caso particular do servizo Datos Compartidos, a redución de velocidade prodúcese cando se consumen as franquías de todas as liñas dadas de alta no servizo.

A velocidade restablecerase á calidade orixinal o día de comezo do novo período de facturación da modalidade contratada. A velocidade reducida non depende do tipo de cobertura dispoñible.

Nalgunhas tarifas¹, e nas tarifas con datos ilimitados salvo o expresamente disposto para estas tarifas, manterase a velocidade máxima orixinal salvo nos casos puntuais en que se produza conxestión de rede². Nese caso, a redución de velocidade será só temporal, polo período de tempo que dure a conxestión.

As presentes condicións só son válidas no territorio nacional. No estranxeiro a conexión de datos dependerá das características da rede dos operadores locais cos que Movistar teña acordo de roaming. Na zona regulada da Unión Europea aplica a política de xestión de velocidade indicada en cada tarifa.

3. USO CORRECTO DOS SERVICIOS

O Cliente comprométese a realizar un uso razoable, non fraudulento, nin abusivo, nin anómalo dos servizos e prestacións que comprende o Servizo, así como de calquera outros servizos conexos que MOVISTAR lle preste. O Cliente será responsable fronte a MOVISTAR de calquera uso distinto do anterior que poida causar un dano ou perda a MOVISTAR ou a terceiros e, en particular, de calquera uso dos servizos de MOVISTAR cunha finalidade que difira das comunicacións de carácter estritamente persoal, no caso de clientes particulares, ou que supoña unha revenda ou comercialización deses servizos.

Sen prexuízo de calquera outros que igualmente impliquen un uso distinto do establecido nestas condicións serán considerados usos contrarios ao bo uso, a título de exemplo, os seguintes:

1. Chamadas dirixidas a números de servizos de desvío de chamadas, que impliquen a concentración ou transformación do tráfico así como as chamadas dirixidas a números

¹Empresa Datos 6GB, Internet 45, Internet Multidispositivo 35 e 45, Internet Multidispositivo Corp 35 e Vip, MIT 45, Plana Internet 45, Plana Internet Maxi, Tarifa Plana 1GB e Tarifa Plana 3,5G.

² MOVISTAR considera que hai conxestión de rede cando consumen tráfico de datos de forma simultánea un número elevado de usuarios nunha mesma zona de cobertura reducida.



908, de Rede Intelixente (numeracións especiais: Oxy, números curtos, numeración m2m, etc.).

2. Así mesmo, o uso da tarxeta SIM en dispositivos distintos dos teléfonos móbiles. Exclúese expresamente e considérase un caso de uso inadecuado, a súa utilización en centrais automáticas, SIMBOX ou outros elementos de concentración ou transformación do tráfico ou concibidos para a realización de chamadas masivas ou para servizos de reenrutamento de tráfico.
3. Igualmente queda prohibido o uso da facilidade das SMS en conexión a unha aplicación ou a un dispositivo que permita a realización de envíos masivos (por exemplo, un módem), ou en xeral, o envío de SMS con calquera outro fin que difira do establecido neste contrato.
4. O Cliente non poderá realizar a revenda do Servizo. Non poderá explotar comercialmente o Servizo e obter un rendemento económico, directo ou indirecto pola revenda do Servizo ou dalgunha das súas capacidades ou funcionalidades.
5. Tampouco poderán destinarse as posibilidades que ofrece o servizo, en calquera das súas prestacións e facilidades, a finalidades de escoita ou vixilancia remota, así como a calquera conexión, con independencia da súa duración, sen unha finalidade de comunicación activa entre particulares.

En caso de conxestión de rede, podería dársele menor prioridade ao tráfico correspondente a P2P e portais de descargas directas que aos restantes tipos de tráfico.

6. En virtude do definido no Regulamento Europeo do Roaming, se se detecta un uso abusivo ou anómalo, poderá aplicarse unha recarga para o tráfico realizado en Roaming Zona 1 ou Zona UE, ou no caso de que se dese algún dos supostos previstos no parágrafo seguinte e aplicando os mecanismos de control baseados en indicadores obxectivos descritos

Considerarase un uso que excede a “política de utilización razoable”:

- A presenza e consumo predominante en Roaming UE e EEE por parte do cliente en comparación coa presenza e tráfico nacional.
 - Longa inactividade de tarxetas SIM asociadas cun uso maioritario en Roaming.
 - Adquisición e uso secuencial de múltiples SIMs polo mesmo cliente en Roaming.
 - A revenda organizada de tarxetas SIM de Movistar.
7. Calquera uso que sexa contrario á normativa española ou europea, como pode ser calquera incumprimento na normativa en materia de contidos, propiedade intelectual, seguridade, privacidade, que se atope vixente no momento da contratación do servizo.

En todos os casos mencionados (a excepción do punto 6), así como en calquera outros que se producen igualmente en forma indebida ou allea á finalidade de comunicación particular prevista para o servizo; MOVISTAR resérvase o dereito, tanto á suspensión ou interrupción definitiva do Servizo, (podendo, se así o decidise, supeditar o restablecemento do mesmo á chegada por parte do cliente das garantías solicitadas por MOVISTAR), como ao cobramento



do tráfico de calquera tipo (SMS, chamadas, datos, etc.) que se producise fóra do uso debido do Servizo, sendo nese caso tarifado ao prezo estándar de pagamento por uso, vixente en cada momento, segundo o Catálogo de prezos de Telefónica Móviles España, S.A.U., publicado e dispoñible, perfectamente actualizado para a súa consulta, na páxina web www.movistar.es, sen que neses casos poida ser de aplicación redución algunha de prezo asociada ao Servizo ou a calquera outra promoción, franquía de tráfico ou módulo de aforro que implique unha diminución do prezo de calquera servizo actual ou futuro.

Á marxe do anterior, e igualmente dado un uso indebido do servizo segundo o descrito, en previsión de futuros usos semellantes, MOVISTAR resérvase así mesmo a posibilidade de asignar ao CLIENTE, previa comunicación ao mesmo, a modalidade de tarifa máis acorde cos patróns de uso manifestados e sen prexuízo de calquera outra que este poida considerar máis conveniente de entre as dispoñibles comercialmente.

4. DESCONTO POR SER CLIENTE DE MOVISTAR ADSL OU MOVISTAR FIBRA ÓPTICA

A promoción consiste nun desconto de 5 €/mes (6,05 IVE incl.) sobre a cota mensual da Tarifa Plana de Internet contratada (Tarifa Plana Internet 15, Tarifa Plana Internet 20, Tarifa Plana Internet 25, Tarifa Plana Internet 35, Tarifa Plana Internet 40, Tarifa Plana Internet 45).

Ese desconto aplicarase a clientes que teñan xa contratados, ou contraten, os servizos Movistar ADSL (bajo tecnología ADSL, ADSL2plus ou VDSL) ou Movistar Fibra Óptica prestados por Telefónica de España, S.A.U. O desconto de 5 €/mes (6,05 IVE incl.) sobre a cota da Tarifa Plana Internet móbil seralle aplicado a condición de que manteña dado de alta o Servizo Movistar ADSL ou Movistar Fibra Óptica.

En calquera caso, se a data de alta non coincide co comezo do período de facturación do usuario, o desconto a aplicar ratearase até axustala a ese período.

O número máximo de liñas móbiles que o cliente pode asociar ao seu Servizo Movistar ADSL ou Movistar Fibra Óptica é de 10 liñas móbiles de contrato. Esas liñas móbiles deberán ter o mesmo titular e/ou mesmo enderezo de facturación que o enderezo de instalación do Servizo Movistar ADSL ou Movistar Fibra Óptica.

5. PROTECCIÓN DE DATOS

Movistar informa de que os datos dos seus clientes serán tratados conforme ao establecido na Política de Privacidade de Movistar, cuxa información básica se recolle na presente cláusula. O contido íntegro desta política pode consultarse no seguinte enlace: www.movistar.es/privacidad, solicitando un exemplar no 1004 ou nas Tendas Movistar.

De conformidade coa normativa europea de protección de datos de carácter persoal e en virtude do establecido na devandita Política, as seguintes empresas do Grupo Telefónica son corresponsables do tratamento dos datos persoais do Cliente Movistar en función dos



produtos e servizos que teña contratados: Telefónica de España, S.A.U. e Telefónica Móviles España, S.A.U. (en diante e conxuntamente denominadas, para os efectos establecidos nesta cláusula, como "Movistar").

En Movistar trataremos os datos do cliente para a prestación do Servizo, así como para outras finalidades que, como cliente Movistar, nos permita ou autorice nos termos recollidos na Política de Privacidade na que, ademais, se recolle toda a información necesaria para que o Cliente poida decidir sobre outros tratamentos que requiran o seu consentimento.

Os datos persoais necesarios para a execución do contrato que o cliente achega neste acto, xunto cos obtidos con motivo da prestación do Servizo, así como a través das canles de atención e comercialización, serán incluídos en ficheiros informatizados de datos de carácter persoal titularidade de Movistar.

Adicionalmente aos tratamentos recollidos na Política de Privacidade, ao aceptar os presentes termos e condicións de uso do Servizo, o Cliente é informado e autoriza a MOVISTAR ao tratamento específico dos seguintes datos de cliente, servizos contratados, facturación, así como os datos de visitas web e localización, cuxo tratamento é necesario, en execución do contrato, para a prestación do Servizo.

Por outra banda, para calquera das finalidades previstas na Política de Privacidade, Movistar poderá encargarse do seu tratamento a provedores de confianza. A relación actualizada das categorías dos devanditos provedores así como daqueles que realizan transferencias internacionais de datos no exercicio das súas funcións recóllese en www.movistar.es/privacidad/info-adicional.

Así mesmo, Movistar garante a adopción das medidas necesarias para asegurar o tratamento confidencial dos devanditos datos e infórmalle da posibilidade de exercitar, conforme á devandita normativa, os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, dirixindo un escrito Referencia DATOS: ao enderezo de correo electrónico TE_datos@telefonica.com, dirixindo un escrito ao Apartado de Correos 46155, 28080 Madrid, ou a través do teléfono gratuito 224407.